



## Llega 'Anatomía del Crimen'

**LIBROS** Escritor de novela negra y al mismo tiempo teórico del género, Mariano Sánchez Soler ha diseccionado en *Anatomía del crimen*, obra que edita Reino de Cordelia... las mejores novelas y películas del cine y la literatura negra. **ECG**

## Jorge Coira dirixirá o filme 'Limpeza de sangue'

**HUMOR DOENTE** O lugués Jorge Coira dirixirá *Limpeza de Sangue*, un filme con guión adaptado polo propio realizador e por Jacobo Paz, sobre a obra teatral homónima escrita por Rubén Ruibal, autor que foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Dramática 2007, e co Premio Cunqueiro 2005. *Limpeza de sangue*, unha historia de humor doente e personaxes buscavidas, conta cunha subvención a desenvolvemento de Agadic. **REDACCIÓN**



## Clausura en Madrid del X Seminario José Antonio Cimadevila Covelo

**ARTE** La Casa de Galicia de Madrid cerró el X Seminario celebrado en colaboración con la Asociación de Amigos de los Caminos de Santiago de Madrid, con una intervención del Comisario de los Caminos a Santiago de la Junta de Castilla y León, Manuel Fuentes. **ROSA FIGUEROA**

## Publícase 'Consentimento', o novo disco do grupo Leilía

**MÚSICA** Leilía sacará á venda o 5 de decembro o seu quinto traballo, *Consentimento* (Pol Música), un disco realizado "a lume lento" que inclúe, xunto aos temas tradicionais recuperados por estas Pandeireiras, letras novas compostas por sete escritoras galegas. Así o sinalou onto unha das integrantes de Leilía, Ana Rodríguez, durante a presentación desta "homenaxe a todas as mulleres que fixeron e fan realidade a creación, conservación e



transmisión da tradición oral galega". **E.PRESS**

VIERNES  
02 DE DICIEMBRE DE 2011

EL CORREO GALLEGO

TENDENCIAS | 49

# "Ojalá saliera una isla cerca de El Hierro pero es complicado"

**Conferencia** hoy en el Pazo de Fonseca (19.30 horas) del vulcanólogo José Luis Barrera Morate

XABIER SANMARTÍN C.  
Santiago

"La crisis volcánica de El Hierro ha hecho crecer el número de informaciones científicas pero en cuanto a cultura científica aun seguimos por debajo de la media del resto de Europa y... en eso, la educación y en especial los medios de comunicación tienen un papel importante que jugar". Lo indica José Luis Barrera Morate, vicepresidente primero del Ilustre Colegio Oficial de Geólogos y editor del Grupo Correo Gallego.

Hoy pronunciará una conferencia a las 19.30 h. en el Pazo de Fonseca (Santiago) bajo el título *Despiertan los volcanes en la isla del Hierro*, tema al que laude su blog en [www.elcorreogallego.es](http://www.elcorreogallego.es), "donde el pasado 22 de noviembre se registraron 4.700 entradas, lo cual indica que el tema está suscitando inte-



José Luis Barrera Morate y detrás Carlos Pajares. Foto: F. B.

rés". Respecto a la evolución del volcán canario, cree que dada la profundidad a la que está "es complicado que salga una isla aunque desde la perspectiva científica ojalá

saliera para así estudiarla porque hay muy pocos casos en el mundo".

[tendencias@elcorreogallego.es](mailto:tendencias@elcorreogallego.es)  
[blogs.elcorreogallego.es/elhierro](http://blogs.elcorreogallego.es/elhierro)

## A Xunta exerce como "padriño de lectura" na FIL de Guadalajara

A Dirección Xeral do Libro participa na Feira co patrocinio de accións para o público infantil

**Santiago.** A Xunta, a través da Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, participa na Feira Internacional do Libro (FIL) de Guadalaxara (México) como "padriño de lectura" dunha trentena de escolares do colexo Nutriendo para leer, situado na poboación de Zapopan, pertencente ó estado de Jalisco.

Esta actividade enmárca no proxecto FILantropía, que permitirá ós nenos e nenas deste centro asistir a diversos espectáculos infantís de animación lectora. Á actividade, realizada na xornada de onte, asistiu o director xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, Francisco López Rodríguez, e a directora xeral da FIL, Nubia Macías.

Ó termo da sesión, o grupo recibiu un lote de libros que cada alumno poderá adquirir ó prezo simbólico dun peso. Para a ocasión, os títulos seleccionados son contos infantís publicados por Kalandraka a partir da obra de autores galegos como Pinto&Chinto, Toño Núñez, e os títulos galardoados

dos co Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.

**PROMOCIÓN DA LIX GALEGA.** Francisco López explicou que esta iniciativa non só está enfocada ó fomento da lectura, senón tamén á promoción da literatura infantil e xuvenil que se fai en Galicia". Sobre esta edición da FIL de Guadalaxara, o director xeral do Libro destacou o "espaldarazo" que supón, para a "proxección internacional dos nosos creadores", en referencia tamén ao Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil, que recibiu Agustín Fernández Paz.

"O sector editorial ten que abrirse ó exterior", dixo Francisco López, quen recordou o papel de autores como Xosé Neira Vilas e

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao na emigración. O director xeral do Libro animou ós editores galegos a realizar "o proceso inverso" para que o recoñecemento que xa teñen en Galicia "poidase trasladar ó público iberoamericano" a través da tradución de obras ó español.

**APOIO ÁS FEIRAS.** López Rodríguez anunciou que a Xunta manterá o seu apoio ás principais feiras internacionais do sector editorial, como as que se celebran en Bolonia, Frankfurt, Bos Aires e Guadalaxara.

Ademais da presenza do director xeral do Libro e do escritor Fernández Paz, a delegación galega na FIL complétase con profesionais adscritos á Asociación Galega de Editores, distribuidores, e os autores Rosa Aneiros e Marcos Calveiro. Estes últimos contan cunha axenda de encontros que comezou, no caso de Rosa Aneiros, cunha charla nun club de lectura. Pola súa banda, Marcos Calveiro recibiu a uns 800 escolares do colexo Angel Romeiro Chamas. Como "padriño de lectura" do proxecto FILantropía, a Xunta súmase a outras institucións partícipes desta iniciativa. **E.PRESS**

"O sector editorial ten que abrirse ó exterior", sinala Francisco López

Cultura manterá o seu apoio ás principais feiras internacionais do sector editorial

**TODOS LOS SÁBADOS DE 9.30 A 14.30 H.**

**MERCADILLO DE ANTIGÜEDADES**

Rúa do Franco - Soportales de Correos s/n • SANTIAGO